



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Bases xerais reguladoras dos procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego do Concello de Mugardos

ANUNCIO

BASES XERAIS REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO DO CONCELLO DE MUGARDOS

Mediante Decreto 2024-0360, do 26 de marzo de 2024, do concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior, prestouse aprobación ás Bases xerais reguladoras dos procesos selectivos para a formación de bolsa de emprego do Concello de Mugardos, as cales substituirán ás previamente aprobadas con data 20.03.2014 e publicadas no BOP núm. 59, do 27.03.2014, e cuxo texto se transcribe de seguido:

“BASES XERAIS REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO DO CONCELLO DE MUGARDOS

Primeira.-Obxecto.

As presentes Bases Xerais teñen por obxecto regular os procesos selectivos que permitan a formación de bolsas de emprego para proceder á provisión temporal de prazas contempladas na actual Relación de Postros de Traballo do concello de Mugardos e en función da natureza do vínculo que en dito instrumento se recolle para cada unha delas:

- Mediante o nomeamento de persoal funcionario interino contemplados na Relación de Postos de Traballo polos motivos sinalados no artigo 10. 1 a) b) c) e d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do estatuto básico do empregado público e artigo 23.2 a) b) c) e d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
- Mediante a contratación de persoal laboral temporal polos motivos sinalados no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e artigo 27 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.

Elo sen prexuízo do deber de cumprimento dos requisitos e límites que en caso caso establezan as diferentes Leis de Orzamentos Xerais do Estado de xeito anual.

As especificidades de cada proceso selectivo serán obxecto de regulación nas Bases específicas que deberán ser aprobadas conforme aos criterios xerais recollidos nas presentes Bases.

Segundo.-Requisitos das persoas aspirantes

As persoas participantes nos procesos que se convoquen deberán reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira ou a sinatura do correspondente contrato de traballo, os seguintes requisitos, sen prexuízo dos que sinalen as correspondentes bases específicas:

- a. Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, respecto do acceso o emprego público de nacionais doutros estados.
- b. Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c. Posuír ou estar en condicións de obter, ate o día que remate o prazo de presentación de instancias, a titulación esixida para a praza á que aspira. No caso de titulacións universitarias obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.
- d. Será admitido como aspirante o persoal que se atope en situación de incapacidade recoñecida polo INSS que non sexa invalidante en grao absoluto que teña reserva de posto e a incapacidade sexa revisable.
- e. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónoma; non se encontrar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

- f. As persoas aspirantes deberán acreditar estar en posesión do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso ao correspondente grupo/subgrupo, de conformidade coa Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 146 do 30 de xullo e DOG núm. 34 do 19 de febreiro, respectivamente). En caso de non acreditarse, deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo a cualificación de apto ou non apto. As bases específicas de cada convocatoria indicarán o título requirido en cada caso así como as características da proba.
- g. Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatibles coas funcións do posto. A condición de persoa discapacitada e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. As persoas aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.
- h. Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Mugarodos, a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade co a base sexta.

Terceiro. Acceso a profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores e exercicio destas.

De conformidade co artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, será requisito para o acceso ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, e para o exercicio destas, non estar condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

Para estes efectos, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante unha certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais.

Cuarto.- Acceso das persoas con discapacidade.

De conformidade coa Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen os criterios xerais para a adaptación dos tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público das persoas con discapacidade, as persoas aspirantes que acrediten discapacidade poderán pedir na súa solicitude as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios das probas do proceso selectivo, co fin de asegurar a súa participación en condicións de igualdade. En caso de solicitar a adaptación, deberán presentar o certificado do grao de discapacidade e o Ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao da discapacidade, para acreditar as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao da discapacidade recoñecida, para os efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada.

Quinto.- Solicitudes e documentación.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben de forma presencial no Rexistro Xeral do Concello de Mugarodos ou a través da sede electrónica dispoñible na ligazón <https://mugarodos.sedelectronica.gal/info.0>, así como en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante correo electrónico ao enderezo correo@mugarodos.gal, durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da data de publicación do anuncio da convocatoria no BOP. A falta de presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

Os erros de feito, materiais ou aritméticos que se puidesen advertir na solicitude poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou a pedimento da persoa interesada.

Os textos das probas selectivas distribuiranse, por defecto, en galego; os/as aspirantes que queiran dispor do texto das probas en lingua castelá deberán indicalo na súa solicitude. Unha vez publicada a resolución definitiva de persoas admitidas e excluídas non poderán modificar o idioma das probas.

Coa solicitude de participación no proceso selectivo presentarase a documentación requirida nas Bases específicas da convocatoria

Sexta.- Dereitos de exame.

Será requisito necesario para participar nos procesos selectivos, aboar, dentro do prazo de presentación de instancias, as Taxas de Dereitos de exame, segundo o establecido na Ordenanza Fiscal nº 9 reguladora da taxa, en función do grupo de clasificación da praza convocada:

Epígrafe 5.- Dereitos de examen

5.1.- Examen para prazas encadradas no grupo A 1 ou asimilado 25 euros

5.2.- Prazas do grupo A 2 ou asimilado 20 euros

5.3.- Prazas do grupo C 1 ou asimilado 15 euros

5.4.- Prazas do grupo C 2 ou asimilado 10 euros

5.5.- Prazas de “outras agrupacións profesionais ou asimilado” 5 euros

Estarán exentos do pago de dereitos de exame para calquera dos grupos anteriores, as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente) e aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, ao menos, de un mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas nas que solicite a súa participación (para o que deberá presentar a certificación xustificativa expedida polo Servizo Público de Emprego correspondente).

A persoa solicitante aportará xunto coa súa instancia, copiado documento de transferencia ou ingreso.

A conta na que se deberá realizar o ingreso é a seguinte:

ES98 – 2080 – 0205 – 7331 – 1000 – 0032 ABANCA

As bases específicas da convocatoria indicarán o importe que corresponda en cada caso, en función da clasificación das prazas obxecto de convocatoria.

Sétima.-Admisión de persoas aspirantes

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde ou titular da concellería delegada a que corresponda segundo os casos, ditará resolución declarando aprobadas as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas indicando, neste segundo caso, as causas da exclusión. A resolución será publicada no taboleiro de anuncios do concello, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mugardos e no Portal de Transparencia, sección emprego.

As persoas aspirantes excluídas e omitidas terán un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao de publicación da resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, para formular reclamacións ou subsanar os defectos que motivasen a súa exclusión ou omisión. O transcurso dese prazo sen subsanación dos defectos correspondentes supón a exclusión definitiva da convocatoria.

A indicada resolución contemplará igualmente:

- A designación do Tribunal cualificador.
- Lugar e data de realización da primeira proba.

A listaxe provisoria converterase automaticamente en definitiva se, transcorrido o prazo, non se presentasen reclamacións. De as haber, as reclamacións presentadas serán estimadas ou desestimadas a través dunha nova resolución de aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas que será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no portal de transparencia do concello de Mugardos.

O feito de figurar incluído na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuíren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen as probas selectivas.

Contra a resolución de Alcaldía Alcalde ou titular da concellería delegada a que corresponda segundo os casos, aprobando a lista definitiva poderán interpoñerse, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da notificación, ou recurso contencioso- administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP) e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso- administrativa. Todo isto, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

Os demais actos e acordos que se diten en desenvolvemento de cada proceso selectivo publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no portal de transparencia do concello de Mugardos.

Oitava.-Tribunal cualificador

Os membros dos tribunais cualificadores de cada unha das distintas probas selectivas convocadas serán designados pola Alcaldía ou titular da concellería delegada a que corresponda segundo os caso, conforme o disposto no artigo 59 da Lei de emprego público de Galicia e no artigo 60 do TREBEP. O Tribunal cualificador constituirase atendendo aos principios de imparcialidade, profesionalidade e especialidade, en función da dispoñibilidade de recursos, atendendo á paridade entre homes e mulleres.

Cada un dos Tribunais cualificadores estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes:

- a. Presidente/a, que será un/unha funcionario/a ou persoal fixo designado/a polo órgano competente.
- b. Vogais, funcionarios/as ou persoal fixo designados/as polo órgano competente.
- c. Secretario/a, a/o da Corporación ou quen legalmente a substitúa.

Todos os membros do tribunal deberán posuír titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos, persoal laboral temporal ou indefinido declarado por sentenza xudicial e o persoal eventual.

A determinación dos membros dos tribunais designados pola Alcaldía ou titular da concellería delegada a que corresponda segundo os casos, farase pública xunto coa resolución definitiva de admitidos e excluídos, publicándose na sede electrónica do Concello de Mugardos.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

Os órganos de selección actuarán con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e velarán pola transparencia e obxectividade do proceso selectivo, a confidencialidade das probas e o estrito cumprimento das bases da convocatoria. No entanto, o órgano de selección está facultado para resolver as dúbidas que xurdan durante a realización do correspondente proceso selectivo e para adoptar os acordos que garantan o seu adecuado desenvolvemento en todo o non disposto nas bases reguladoras da convocatoria ou no caso de dúbidas na súa aplicación.

O Tribunal cualificador actuará con suxeición ao disposto nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e demais disposicións vixentes.

O réxime xurídico aplicable aos órganos de selección axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Constitución, o Tribunal velará polo cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre ambos os sexos.

O Tribunal adoptará as medidas oportunas que permitan as persoas aspirantes con discapacidade acreditada poder participar nas probas do proceso selectivo en igualdade de condicións.

O tribunal cualificador deberá constituírse na data que determine a Alcaldía ou titular da concellería delegada a que corresponda segundo os casos, para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na acta da sesión de constitución do Tribunal poderase acordar que os seus membros titulares e suplentes actúen de forma indistinta.

Para os efectos de percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a categoría que lles corresponda, segundo o establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de marzo.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante o órgano que o nomeou, segundo o artigo 121 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Novena.-Sistema selectivo.

Os procesos selectivos realizaranse mediante o sistema ordinario de oposición, na forma que se determine nas Bases específicas de cada convocatoria, en desenvolvemento dos seguintes criterios xerais:

- A oposición constará cando menos de dous exercizos, un de carácter teórico-práctico tipo test e outro de acreditación da competencia en lingua galega.
- En función da natureza das funcións da praza, poderase contemplar un exercizo consistente en demostrar coñecementos de informática de nivel usuario sobre o sistema operativo "Windows" e o paquete ofimático "Office" a través de exercizos prácticos ou tipo test propostos polo tribunal.

Terá carácter obrigatorio, e eliminatorio, agás para aquelas persoas aspirantes que na solicitude de admisión no proceso selectivo declarasen estar en posesión e aportasen a certificación galega de competencias dixitais en ofimática regulada no Decreto 218/2011 da Xunta de Galicia, ou estar en condicións de obtela coma máximo á data de remate de presentación de instancias, e presentasen a correspondente xustificación no prazo previsto na base 11ª se fosen propostos. O exercicio será cualificado de apto ou non apto. Serán eliminados aqueles aspirantes que non sexan cualificados de aptos.

Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a cualificación de aptos/as.

Os exercicios e probas practícaranse nun chamamento único, sendo excluído do proceso selectivo quen non compareza, calquera que sexa a causa, salvo previsión normativa específica de rango superior. O chamamento para o inicio das probas realizarase por orde alfabético do primeiro apelido de cada un das persoas aspirantes.

As persoas aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

O tribunal publicará os sucesivos anuncios de celebración dos seguintes exercicios no Taboleiro electrónico de edictos do Concello.

Décima.-Desenvolvemento do proceso selectivo.

Para os efectos da orde de actuación das persoas aspirantes terase en conta a letra resultante do último sorteo ao que se refire o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Concluído o proceso selectivo, o órgano de selección fará pública, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no portal de transparencia, a relación das persoas aspirantes que o superasen, con indicación da puntuación obtida.

O Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir o anonimato das persoas candidatas na fase de oposición. O Tribunal poderá excluír a aquelas persoas opositoras en cuxas follas de exame figuren nomes, trazos, marcas ou signos que permitan coñecer a identidade das persoas aspirantes.

As persoas interesadas poderán presentar reclamacións ás puntuacións provisionais da fase de oposición no prazo de 3 días hábiles, contados desde o día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Mugardos, e de forma complementaria do portal de transparencia. A presentación das reclamacións realizarase na forma que se indique na publicación das puntuacións provisionais. Á vista das reclamacións presentadas, o órgano de selección aprobará e publicará as puntuacións definitivas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Mugardos, e de forma complementaria do portal de transparencia.

Décimo primeira.- Cualificación final.

A cualificación definitiva da oposición será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos exercicios que compoñen a fase de oposición.

De tal xeito, despois de rematar as probas, o tribunal propondrá a formación da bolsa de emprego pola suma total das puntuacións asignadas na oposición empezando pola persoa aspirante que obtivera a maior puntuación. No caso de empate terá preferencia aquel aspirante que teña obtido unha maior puntuación na primeira parte da proba. Se pese a isto persistise o empate resolverase mediante sorteo público ante a lo menos dous membros do Tribunal sendo un deles necesariamente o Secretario/a do mesmo.

Décimo segunda.-Lista de persoas aprobadas.

Finalizado o proceso selectivo o tribunal fará públicas no taboleiro electrónico de edictos do concello, a relación definitiva dos aspirantes aprobados pola orde da puntuación obtida. Esta relación presentarase ao Sr. Alcalde ou titular da concellería delegada segundo corresponda en cada caso, a fin de que este proceda a aprobar a bolsa de emprego que funcionará coas características que se sinalan na base seguinte.

Décimo terceira.- Creación da bolsa de emprego.

Crearase unha bolsa de emprego formada pola lista de aspirantes que superen as probas da fase de oposición, ordeadas de maior a menor puntuación, incluíndose no primeiro posto aquel/a que obtivera a maior puntuación.

É condición inescusable para a pertenza á devandita bolsa o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados na base 5ª das presentes bases.

Unha vez detectada a situación de necesidade de cubrir temporalmente unha praza nos casos previstos e previo xustificación previa da concorrencia dalgún dos supostos habilitadores así como a existencia de crédito orzamentario, a Alcaldía ou concellería delegada segundo corresponda en cada caso, procederá ao chamamento sucesivo das persoas aspirantes por orde de lista, debendo as persoas interesadas manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello de Mugardos, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasarase ao chamamento do seguinte da lista.

A notificación practícarase exclusivamente mediante a publicación da oferta no taboleiro electrónico de anuncios do Concello de Mugardos, sen prexuízo de que se intente proceder a contactar coa persoa interesada por vía telefónica polo menos dúas veces en horas distintas en horario de mañá, do cal quedará a debida constancia no expediente mediante informe emitido polo funcionario/a que realice os intentos.

No caso de manifestar o seleccionado o seu interese, deberá presentar a seguinte documentación:

A persoa aspirante proposta, achegará no prazo máximo de 5 días naturais, contados a partir de manifestar a súa aceptación ao chamamento, os documentos seguintes:

1º.-Fotocopia do título académico esixido na bases específicas ou no seu defecto, o xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición.

2º.-Declaración xurada de non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, o acceso ó emprego público.

3º.-Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

No mesmo prazo sinalado para a presentación da documentación, a persoa aspirante seleccionada someterase a recoñecemento médico polos servizos do Concello, para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

As persoas aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade do desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base ou non sometemento ao recoñecemento médico esixido e agás nos casos de forma maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base segunda e das que no seu caso se sinalen nas Bases específicas, suporá que a persoa aspirante non poderá ser nomeada funcionario/a interino/a ou contratada como persoal laboral temporal e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

Neste caso procederá a requirírselle a documentación á persoa aspirante que tivera quedado na seguinte posición concedéndolle idéntico prazo para que proceda a presentala.

Cando un das persoas aspirantes incluídos na lista fose chamada para ocupar un posto, ao rematar o período de prestación de servizos recuperará o seu lugar inicial na mesma de xeito que poderá ser chamado novamente para outra interinidade/contatación laboral.

A renuncia, ou a non presentación da aceptación da oferta e da documentación esixida en prazo implicará que a persoa aspirante pasará ao derradeiro lugar da lista salvo naqueles casos nos que xustifique documentalmente que está a prestar servizos noutro posto de traballo nesta Administración ou noutra ou que nese intre se atopa en situación de baixa laboral. Nestes casos permanecerá invariable a súa posición na bolsa de emprego.

As persoas integrantes da bolsa poderán en calquera momento comunicar a renuncia definitiva á integración nesta, mediante solicitude por escrito que terá que ir dirixida ao Alcalde – Presidente da Corporación.

No caso de que existiran varias vacantes simultáneas que deban ser cubertas coa mesma bolsa de emprego a orde de provisión se realizará por orde de lista, de tal xeito que á primeira clasificada se lle dará a escoller entre as diferentes prazas vacantes para que este elixa a que desexe cubrir e así sucesivamente pola orde que ocupasen os aspirantes na bolsa de emprego ata cubrir a totalidade de vacantes.

Décimo cuarta.- Vixencia das bolsas.

A duración das bolsa de emprego terá unha validez de cinco anos contados dende a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, ou, no seu defecto, ata que todos as persoas interesadas que figuren nela non manifesten interese nunha oferta de traballo concreto ou presenten a súa renuncia.

Décimo quinta.-Nomeamento e toma de posesión. Contratación.

Realizado o chamamento e presentada a documentación polo interesado o Sr. Alcalde/sa ou concellería delegada no seu caso, efectuará o nomeamento, a favor da persoa candidata proposta, como funcionario/a interino/a, ou conforme corresponda coa natureza da praza, resolverá sobre a contratación.

O nomeamento ou contratación deberá ser notificada á persoa interesada, o/a cal deberá tomar posesión dentro do prazo máximo de tres días hábiles, contado desde a data de notificación, tendo en conta que dito nomeamento realizárase con carácter de interinidade vinculado á circunstancia que deu lugar á súa selección.

Os contratos que se subscriban levarán aparellado un periodo de proba de 15 días ao que resultará de aplicación o réxime xeral previsto no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

O cese do/a funcionario/a interino/a seleccionado producírase pola causas indicadas nas presentes bases mediante a sinatura da correspondente Resolución e dilixencia de cese.

Nos mesmos termos, producírase á resolución da relación laboral temporal pola concorrencia das circunstancias previstas na normativa laboral que habilitou a contratación ás que se refire a Base primeira.

As resolucións de nomeamento/contratación, ceses e resolución da relación laboral temporal deberán igualmente ser publicada no taboleiro do Concello.

Décimo sexta.- Carácter vinculante das bases.

Estas bases xerais vincularán ao Concello de Mugardos, aos tribunais cualificadores e ás persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos que sexan convocados.

Décimo sétima. Recursos.

Contra estas Bases Xerais poderase interpor recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á súa publicación no BOP, perante o xulgado do Contencioso- Administrativo de Ferrol, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición perante o Alcalde do concello de Mugardos no prazo dun mes, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Mugardos, á data da sinatura dixital á marxe.”

Mugardos, asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior, D. José Miguel Mahía Prados, en data 10.04.2024 (Delegación de competencias R.A. 2023-0615, de 26.06.2023).

2024/2470